



RESOLUCIÓN RECTORAL DE 21 DE ABRIL DE 2003 POLA QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN COLABORACIÓN CON CAIXANOVA, FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA COMISIÓN DA CÁTEDRA CAIXANOVA DE ESTUDIOS FEMINISTAS

OBXECTIVO

O obxectivo xenérico desta bolsa é a colaboración coa Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas para impulsar os programas e actividades de investigación promovidas pola Cátedra, así como facilitar a súa repercusión en programas de actuación social e pública. Actuacións e liñas de traballo máis concretas seranlle asignadas por parte da Comisión.

REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Os/as solicitantes da bolsa deberán cumprir-los seguintes requisitos:

- Non ter disfrutado de bolsas FPI, FPU ou equivalentes.
- Ter unha nota media de expediente académico superior ou igual a 1,5 agás no ámbito de Ensinanzas Técnicas que deberá ser superior ou igual a 1,2.
- Posuír a nacionalidade española, ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- Ser doutorando da Universidade de Vigo na fase de elaboración da tese de doutoramento cunha liña de investigación en feminismo e que teña obtido o diploma de estudos avanzados a partir do 30 de xuño de 2001.
- Non ter disfrutado destas bolsas ou doutras homologadas a elas en anteriores convocatorias.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, que deberán ser remitidas polo/a interesado/a, dirixiranse ó Sr. Rector da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud de subvención segundo impreso normalizado VR-38.
- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente para os nacionais dos Estados membros da Unión Europea.
- Curriculum vitae con documentos acreditativos. (Ver Anexo)
- Certificación Académica do período de docencia (1º) do terceiro ciclo de estudos universitarios.

- Certificación académica detallada dos estudos de licenciatura na que figuren as cualificacións obtidas, as súas datas de obtención e o nº exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico do/a solicitante.

No caso de estudos validados, deberá presentarse así mesmo certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Os/as que acceden ó 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ó 2º ciclo, para efectos de determinación da media do expediente académico deberán achegar ademais da certificación correspondente ó curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou ós estudos de 1º ciclo realizados.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán estar validados ou recoñecidos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes e deberanse achegar, se é o caso, as oportunas táboas de equivalencias oficiais das cualificacións.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes **rematará o 30 de maio de 2003.**

As solicitudes poden presentarse no rexistro xeral da Universidade (r/Oporto, 3 - Vigo) ou nos rexistros auxiliares dos campus universitarios de Vigo (Edificio C.A.C.T.I.-Lagoas Marcesende s/n Vigo), Ourense (As Lagoas, s/n Ourense) e Pontevedra (Facultade de CC. Sociais - Campus da Xunqueira).

CONTÍA E PERÍODO DE DISFRUTE

A dotación da bolsa será de 3.000 €, sendo de aplicación a normativa sobre o I.R.P.F. O período improrrogable de disfrute da axuda será de 6 meses.

A Universidade de Vigo subscribirá ademais en beneficio do bolseiro un seguro combinado de accidentes.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo bolseiro/a no que se compromete a cumprir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaranse entón os trámites para proceder ós correspondentes pagamentos.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico do solicitante.
- Curriculum Vitae do solicitante, (para a valoración do currículo terase en conta o baremo que aparece no Anexo, así como a documentación que se esixe en cada caso).
- Nota media do curso de docencia (1º) do terceiro ciclo de estudos universitarios.

Como norma xeral, quedarán excluídos os solicitantes que teñan concedida unha bolsa predoutoral (FPI, FPU, Xunta de Galicia).

Efectuada a valoración, a Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas fará pública nos taboleiros dos diferentes rexistros da Universidade de Vigo a proposta provisional da bolsa adxudicada, para que no prazo de dez días hábiles se presenten as reclamacións oportunas. Transcorrido este prazo, a Comisión elevará unha proposta definitiva de resolución ó Sr. Rector da Universidade de Vigo.

O non axustarse á convocatoria e ós requisitos dos solicitantes, así como, a ocultación de datos, a súa alteración, ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude.

CONDICIÓN DE DISFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS/AS BOLSEIROS/AS

O bolseiro realizará tarefas de formación e colaboración en réxime de dedicación total. O disfrute dunha bolsa ó abeiro desta convocatoria é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contratual ou estatutaria do interesado, agás os emolumentos derivados de contratos realizados en aplicación do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 do 21 de decembro de Universidades (BOE do 24 de decembro de 2001).

En ningún caso será compatible cun contrato administrativo ou laboral de traballo.

Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo.

O incumprimento por parte do/a bolseiro/a dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e, de se-lo caso, o reintegro das cantidades cobradas.

O/a bolseiro/a está obrigado/a a comunicar , se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que determine a dita renuncia.

Vigo, 21 de abril de 2003

O Rector

Domingo Docampo Amoedo

